

Só 150 libros á venda de "Historia de Carreira"

Javier Crugeiras escribiu, deseñou, maquetou e supervisou o libro "Historia de Carreira", un traballo que lle levou catro anos entre recoller documentación en varios arquivos nacionais e o resultado final. Así o explica o propio escritor na web que tamén el constrúe (<http://carreira.info>).

O libro foi posible ademais pola aportación de numeroso material gráfico dos propios veciños de Carreira e o apoio da Comunidade de Montes para a edición, que vai a todo luxo, a toda cor e cunha edición moi limitada, de só 150 obras.

Entres os capítulos máis salientables do libro están: Situación xeográfica da parroquia, Da Prehistoria á Idade Media, A Idade Moderna e o século XX, Párrocos destacados de San Paio de Carreira, Os templos da parroquia, As construcións tradicionais, Carreira no ano 1753 e Memorias.

O libro lémbrese de negocios tan tradicionais como o cinema Millares, a tenda de Faina ou a fábrica de gaseosas Santamaría. En 140 páxinas, e con prólogo do actual presidente da Real Academia Galega, o riveirense Xosé Ramón Barreiro Fernández, o lector pode atopar o que calquera

outro parroquiano do Barbanza desexaría saber sobre o lugar que o veu nacer e medrar.

Pode coñecer que Carreira deriva de "carraria", termo latino que designaba os camiños de carros, saber que en 1753 Ribeira supera en veciños a esta parroquia e que en 1821 se creou o concello constitucional de Carreira, pola reforma administrativa de entón.

Crugeiras demostra que nos anos setenta e oitenta Carreira estaba florecendo, xa que contaba con máis de corenta negocios. Agora xa non é así, pois moitos pecharon. A traxedia que máis marcou á parroquia foi a do vapor Santa Isabel, con 213 falecidos. No libro tamén se recopilan sagas familiares de apelidos, coa súa orixe e probable etimoloxía.

Outro anaco deste libro en edición de luxo acolle á illa de Sálvora, que recentemente cambiou de mans pero aínda segue a ser unha xoia por descubrir.

Historia de Carreira

EDICIÓN LIMITADA
150 exemplares

Coñeza un pouco máis sobre a historia da nosa parroquia e as xentes que nos precederon no tempo.



Con prólogo de
D. Xosé Ramón Barreiro Fernández,

Presidente da Real Academia Galega



Dispoñible nas mellores librerías